



MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA (SECRETARÍA XERAL DA IGUALDADE) E ASOCIACIÓN COMISIÓN CATÓLICA ESPAÑOLA DE MIGRACIÓN, PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACCIÓNS DE INFORMACIÓN, PREVENCIÓN E SENSIBILIZACIÓN DE VIOLENCIA DE XÉNERO ENTRE MULLERES INMIGRANTES RESIDENTES NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA.

(1) A Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a través da Secretaría Xeral da Igualdade, é o órgano da Administración autonómica que ten entre as súas competencias impulsar as actuacións conducentes á promoción da igualdade e á eliminación da discriminación entre mulleres e homes, así como á eliminación da violencia de xénero

Que a Lei 11/2007, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, modificada pola Lei 12/2016, do 22 de xullo, establece no seu artigo 6 que o departamento competente en materia de igualdade, en coordinación cos restantes departamentos da Xunta de Galicia, porá en marcha de xeito periódico, campañas de información e sensibilización que teñan como obxectivo mudar os estereotipos sexistas, e que incidan no rexeitamento social sobre todas as formas de violencia de xénero.

E o artigo 7.2 da Lei galega 11/2007 dispón que o departamento competente en materia de Igualdade establecerá axudas económicas destinadas a que o movemento asociativo en Galicia desenvolva actividades que promovan a prevención e a erradicación da violencia de xénero.

(2) **Antecedentes:**

No marco dos fondos finalistas asignados á CCAA de Galicia a través de Conferencia Sectorial de Igualdade para o exercicio 2018 (BOE do 8/11/2018) encádrase o convenio de colaboración coa Asociación Comisión Católica Española de Migración (ACCEM), entidade inscrita no Rexistro de Entidades prestadoras de servizos sociais que ten unha acreditada experiencia no desenvolvemento de programas de atención a vítimas de violencia de xénero, preferentemente inmigrantes

(3) **Finalidade** Para os efectos sinalados, con data 4 de decembro de 2018 formalizouse coa entidade ACCEM o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2018.





(4) O obxecto deste convenio é establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a través da Secretaría Xeral da Igualdade, a entidade ACCEM, para o desenvolvemento de accións de sensibilización e prevención que contribúan á transmisión de valores igualitarios e á ruptura de estereotipos de xénero, fundamentalmente entre as mulleres inmigrantes, así como accións de información, a través de todas as vías que favorezan o coñecemento dos recursos e servizos existentes para a atención ás vítimas da violencia e xénero, realizando a máxima difusión dos mesmos entre a poboación inmigrante.

(5) O instrumento convencional asinado fundaméntase no seguinte:

O artigo 3 da antedita Lei 11/2007 considera como unha forma de violencia de xénero a trata de mulleres e nenas con fins de explotación sexual, calquera que fose a relación que une a vítima co agresor e o medio utilizado. A mesma Lei dispón a adopción en Galicia de medidas integrais para a sensibilización, a prevención e o tratamento da violencia de xénero, así como a protección e o apoio ás mulleres que a sofren

Os datos que recollen os informes e estudos oficiais existentes, indican que a incidencia da trata de seres humanos con fins de explotación sexual afecta nun 99% a mulleres e nenas (outra forma de violencia de xénero), e entre elas, a gran maioría pertencente ao colectivo de inmigrantes

En Galicia existe a Rede galega contra a Trata, entidade integrada por ONGs que traballan para dar a coñecer o delito da trata de Persoas en Galicia, un fenómeno oculto e invisibilizado aínda na nosa comunidade, á vez que colabora na identificación das súas vítimas. O seu labor levou á Rede galega contra a Trata, a ser galardoada no ano 2015 coa Medalla Castelao, coa que a Administración autonómica distingue a persoas ou entidades merecedoras do recoñecemento do seu pobo en calquera faceta da actividade

ACCEN é unha das entidades que integra a Rede galega contra a Trata, e que se atopa avalada pola experiencia contrastada de moitos anos de traballo con mulleres inmigrantes vítimas de trata con fins de explotación sexual e/ou laboral. Desenvolve en Galicia accións que teñen como fin promover a participación e integración activa desta vítimas na vida social, laboral, económica a través de programas específicos de atención integral de acollida, axuda psicolóxica, xurídica e asistencia directa.





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Secretaría Xeral da Igualdade

Edificio Administrativo de San Lázaro, s/n
15781 Santiago de Compostela
Telf.: 981 957 691 Fax: 981 957 690
igualdade@xunta.es
<http://igualdade.xunta.es/>



Coa sinatura deste convenio de colaboración trátase de impulsar accións de información, prevención e sensibilización que se amosan de enorme importancia na prevención da violencia de xénero entre a poboación inmigrante.

Noveno.

Que a concesión directa da subvención a través deste convenio se efectuará ao abeiro dos artigos 19.4.c) e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, na que se prevé a posibilidade de excepcionar do réxime ordinario de concorrencia competitiva en base ao carácter singular das subvencións e razóns de interese público, social e humanitario, cal é o caso no que o interese prioritario é poder realizar accións de información, prevención e sensibilización dirixida a mulleres inmigrantes, vítimas de violencia de xénero, a través de entidades que contan con profesionais con formación e experiencia específica nesta materia, como é o caso das entidades que forman parte da Rede galega contra a trata, entre as que se atopa ACCEM.

(6) Aplicación orzamentaria: 05.11.313D.481.1

Contía total: 3.000 €

(7) Polo exposto, considérase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o dito convenio fóra do ámbito de aplicación do texto refundido da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, con independencia de que, ao abeiro do previsto no artigo 4 da dita norma, lle sexan de aplicación os principios desta lei para resolver as dúbidas e lagoas que se poidan presentar.

A secretaria xeral da Igualdade

Susana López de Abella

